

Obxectivo do CDG para a nova temporada

“Teatro bon e atractivo”

“Despois de dúas temporadas de actividades e funcionamento do Centro Dramático Galego, é preciso adaptar as súas características e a súa estrutura a uns novos obxectivos —ou mellor: a uns obxectivos máis maduros—, así como corrixir aqueles aspectos que a práctica cotián mostrou como insatisfactorios. Trátase, pois, de perfilar un novo programa que, partindo da experiencia anterior, nos permita dar un paso máis na normalización do teatro no noso país”. Con estas autocríticas palabras comeza o texto-programa do Centro Dramático Galego para este ano.

O CDG, que ten como novo director a Ernesto Chao, ex membro da Compañía “Artello” e antigo dinamizador da Mostra de Teatro de Ribadavia, ten previsto a estreia das obras “O enfermo imaxinario” de Molière, sob a adaptación de Eduardo Alonso e “A noite vai coma un río” de Alvaro Cunqueiro. O presuposto de produción de ambas as dúas obras rondará os seis millóns e medio de pesetas cada unha, o cal forma parte do presuposto total do CDG para 1986 que será de 65 millóns de pesetas.

AUTONOMIA DO CDG

Entre as novas definicións que corresponden ao Centro Dramático, os seus mentores fan fincapé na “plena autonomía artística e de creación”. Para iso contará coa súa propia compañía ou compañías, e as instalacións e dependencias necesarias para a preparación, ensaio e representación das súas producións. Corresponderá asimismo ao Centro Dramático a produción dos seus propios espectáculos, a coprodución con compañías alleas a el ou a contratación de espectáculos concretos, o a perfeizoamento do persoal artístico e técnico a el adscrito e a promoción e difusión dos seus propios espectáculos. Nesta liña os reitores do Centro consideran que “a cobertura legal máis axeitada para a realización das actividades pró-



prias do Centro Dramático Galego é a de Organismo Autónomo. Nesta etapa, e mentres este desexo non se converta en realidade, o Centro Dramático Galego queda regulado con carácter provisório”.

“TEATRO BON E ATRACTIVO”

Entre os obxectivos para a temporada sinálase como fundamental o de producir e axudar a producir “teatro bon e atractivo que goste por si mesmo, que incite aos desinteresados a achegarse aos teatros e que converta ao espectador ocasional nun espectador frecuente e crítico”. Por concidencia quizá de que “nos diximos a un país pouco afeito ao consumo de produtos culturais, un país no que mesmo os sectores máis inxeridos están aínda máis alonxados do “costume do teatro” do que sería de desexar”. Convén entón “oferecer un teatro divertido, no sentido

máis nobre da palabra (...) sinónimo aquí de interés, variedade e calidade”.

LEVAR O TEATRO AS VILAS

Serían tamén obxectivos importantes a planificación “de cara á procura de novos públicos, con reducións especiais no preño das entradas para centros de ensino, convénios con asociacións culturais e ateneos, organización de actividades de animación...”. Por outra banda “facer crecer os circuitos teatrais existentes, prestando particular atención á produción de espectáculos con características técnicas adaptadas aos locais de vilas e pequenas poboacións”. Así como “potenciar a presenza fóra de Galiza dos espectáculos, establecendo acordos de coprodución e intercambio cos centros de produción teatral existentes no resto do Estado” e “apresentar os espectáculos do CDG en festivais nacionais e extranxeiros”.

“A NOITE VAI COMA UN RÍO” E “O ENFERMO IMAXINARIO”

Xúlio Lago, director da nova obra de “A noite vai coma un río” comenta as súas impresións da presentación desta obra nos primeiros 70: “non me gustaba en absoluto. Non pasaba nada. Era discursiva, plana. Era “literatura”, moi boa literatura, mais non “teatro”. “Vou dirixir cheo de ilusión, manifesta Xúlio Lago, cheo de ilusión e de medo. Tamén cheo de ambición, porque é o máis fermoso e cobizoso texto teatral escrito en galego”.

Pola súa parte Eduardo Alonso, director de “O enfermo imaxinario”, indica que “amosar os textos máis importantes da dramaturxia universal é un labor esencial para normalizar a oferta teatral galega. Neste sentido, convén ter en conta as grandes comédias, xénero do que tan necesitado está o teatro galego”.

M.V.

I Asamblea Comarcal de Asociacións Culturais

A longa marcha do asociacionismo galego

O día 27 de Abril no centro cultural “O Noso Lar” de Culleredo tivo lugar a I Asamblea Comarcal de Asociacións Culturais, á que estaban convidadas unha multitude de asociacións e á que acudiron unha vintena delas.

Xa pola mañá a Comisión Organizadora informou sobre o proxecto desta primeira asamblea e houbo longos debates que froitificarian na tarde nuns puntos concretos.

Á 1 da mañá un audiovisual titulado “Castelao: vida e obra” foi proxeccionado por membros da Asociación Cultural “O Galo” (Santiago), realizadores do mesmo. O audiovisual reconstrúe o pensamento político de Alfonso Daniel ao longo da súa vida, para rematar co vergonzoso tratamento que se lle deron aos seus restos na traída a Galiza. A música para as diapositivas pasa desde Wagner a Verdi ou Miro

Casabella, destacando o bon dicir de Tereixa Navaza na sonorización da montaxe. Á tarde actuaron os grupos de baile de diferentes centros sociais, os titiriteiros de “Sapoconcho”, algúns membros de “Amor e Desamor” recitaron os seus textos, para finalizar co grupo folk “Luar na Lubre” de A Coruña. Mentres tanto celebrábanse as mesas de traballo de onde saíron algunhas conclusións finais, das que tiramos estes puntos:

—Normalización do idioma galego na administración e nos diversos movementos na vida cotidiana da Galiza.

—Reclamar a dignidade do povo galego e da súa cultura diferenciada doutras que a arrodean.

—Solidaridade entre as asociacións culturais na busca dun proxecto de acción comun diante

das trabas que a sociedade lles impón.

—Aumentar os intercambios e facilitar tarefas colectivas.

—Editar un boletín anual que informe ás diferentes asociacións dos proxectos das outras, para así poderen realizar actividades conxuntas.

—Criar varias comisións de traballo, entre elas a que organizará a II Asamblea Comarcal de Asociacións Culturais.

Agora só queda que estas proposicións se cumpran e se comece a camiñar cara unha unión real dunha Galiza povoada zonalmente por diversas Federacións de Asociacións Culturais de Comarca. Un anxeio vello, urxente e necesario para un país que se precipita orgulloso e desafiante na fronteira co século XXI.

LINO BRAXE

O Museu de Humor organiza unha exposición internacional en colaboración cunha institución búlgara

En Fene con excelente humor

O día 5 de Maio inaugurouse en Fene unha importante exposición internacional, cedida pola Casa do Humor e a Sátira de Gabrovo (Bulgaria) e que contou coa asistencia de importantes persoalidades desa entidade.

Iuri Kisprinschenko, xefe da Sección de Literatura Latinoamericana e Stephan Fortunov, director da entidade búlgara, foron os representantes que o 5 de Maio estaban en Fene. Durante a recepción que se deu pola mañá, o alcalde da vila coruñesa, Xosé M^a Rivera Arnos e máis os representantes búlgaros fixeron fincapé na transcendencia do humor na loita pola paz no mundo e como estímulo para a solidariedade entre os povos. Xa á tarde, Rivera Arnos, durante a inauguración propiamente da mostra, criticou fortemente a falta de apoio das institucións, que negaron subvencións, especialmente o Ministerio de Cultura que, sob pretexto de que “só dan axudas para artes plásticas”, manexan un concepto limitado do humor e deixan traslucir a intención política da súa negativa. Afinal o alcalde de Fene dirixiuse á representación búlgara ao afirmar “entran vosdes nun povo que, como Gabrovo ama a paz mundial e vive con humor”.

Compre dicir que as persoas que representaron á Xunta, Raquel Casal e Pilar Corredoira, non asistiron á recepción da mañá, e á inauguración da tarde, marcada para ás 7 h., chegaron ás 7,15 para saír ás 7,30: todo un récord de fugacidade.

A exposición

É o Museu de Humor de Fene —institución única nese xénero no Estado— quen trai a exposición que pendura a obra de 106 caricaturistas contemporáneos, en máis de 300 cadros, de países dispaes en ideoloxía, credo político e relixioso e máis costumes. Aberta até o día 18 de Maio, o Museu de Humor ten articuladas paralelamente diferentes actividades:

—Visitas programadas para

Coléxios Públicos á exposición e ao Museu.

—Unha Mostra-Homenaxe dos humoristas gráficos galegos a Castelao.

—Un ciclo de películas con “Lio en Rio”, “A noiva era el”, “A louca historia do mundo” e “Truhanes”.

—Programación especial diaria na Emisora Municipal —Rádio Fene—, centrada no humor de transmisión oral.

Máis adiante, do 20 de Maio ao 6 de Xuño, a mostra irá ao Museu Carlos Maside de Sada e do 10 ao 27 de Xuño á Casa da Parra en Compostela.

A camiñada do Museu de Humor

Inaugurado o 25 de Novembro do 1984, en plena reconversión naval, o Museu de Humor recolle obra de todos os humoristas gráficos galegos actuais e parte dos históricos. Ademais o Museu ven celebrando (anos 84 e 85) as Xornadas de Humor, ten montado exposicións itinerantes (“Humor Galego Actual” e “Os humoristas e a reconversión”), instituído premios, organizado convénios que froitificaron na doación de obras de importantes humoristas do Esado español, formaron unha biblioteca e un banco de dados, e todo iso sen constreñirse só ao humorismo gráfico. Isto en dous anos de funcionamento.

Os contactos —“A pista búlgara”, denominalle o Concello nunha circular informativa— coa Casa do Humor e a Sátira de Gabrovo iniciáranse decontado e cristalizaron publicamente agora. A entidade búlgara foi fundada no ano 1972 e ten máis de 8.000 m² de instalacións dedicadas a todo tipo de obxectos e cadros relacionados co humor. Ademais de importantísimas actividades e certames de transcendencia mundial, a institución búlgara está a preparar unha *Antoloxía da Caricatura Mundial do Século XX*, na que o Museu do Humor do Concello de Fene colabora ao ser responsábel do apartado dedicado ao Estado español.

X.C.

Os días 23 e 24 de Setembro

O III Encontro de Escritores celebrárase en Baiona

Os días 23 e 24 de Setembro de 1986 terá lugar no Parador Conde de Gondomar de Baiona o III Encontro de Escritores das linguas nacionais ibéricas sen Estado. Estas datas quedaron definitivamente fixadas nun encontro que tivo lugar en Noia o día 2 de Maio no que participaron escritores pertencentes ás asociacións de Euskadi, Países Cataláns e Maria do Carmo Kruckenberg e Xoaquín Agulla por Galiza.

A estes terceiros encontros —os primeiros foron organizados polos cataláns e os segundos polos bascos, tocándolle agora o turno á Asociación de Escritores en Língua Galega— asistirán

unha vintena dos máis destacados criadores cataláns, 15 representantes dos escritores bascos e a maioría dos componentes da asociación organizadora.

Un dos temas máis importantes para este ano será o relativo ao uso dos idiomas nacionais nos medios de comunicación das tres nacións sen estado.

Na próxima reunión de traballo tratarán de perfilar definitivamente o programa, e terá lugar o mes de Xullo en Compostela.

Os representantes dos escritores galegos manifestaron tamén que están invitados destacados escritores das asociacións española e portuguesa.